

Carassius auratus (Linnaeus, 1758)



Lugar de procedencia

Orixinal de Asia Central, China e Xapón.

Hábitat en área de introdución

Prefire augas pouco profundas de lagoas e ríos de corrente lenta, con abundante vexetación e fondos blandos, encontrándose xeralmente nas costas.



Carpín dorado, carpa dorada, pez dorado



Carpa vermella, peixiño dourado, peixe xaponés

Reino: Animalia

Filo: Chordata

Clase: Actinopterygii

Orden: Cypriniformes

Familia: Cyprinidae

Género: *Carassius*

Biología

Pode subsistir en condicións moi desfavorables como contaminación de augas, falta de oxixeno e fríos invernales que non poden soportar outras especies. Durante o inverno permanecen casi completamente enterrados no barro, limitando moito a súa actividade ata que chega a primavera. A alimentación é diversa, abarcando dende algas a invertebrados bentónicos. As poboacións están formadas, na súa totalidade, por femias; a reprodución realízase por ximnoxénese, os ovos só precisan dun estímulo do esperma dun macho doutra especie, polo que os individuos que nacen son clons das nais.

Campus de Vigo

Lagoas de Servizos de deporte, das Facultades de Económicas e Empresariais e a lagoa próxima a Facultade de Telecomunicacións.

Introdución

Introdución en augas españolas sobre o século XVII por motivos ornamentais, a súa expansión débese a liberacións ilegais. En España distribúese practicamente por todas as cuncas. En Europa parece estar en expansión e considerándose autóctona nalgúns países do Centro e Este.

